



Circular 42_2023: SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL CLUBS ANO 2024

Desexamos comunicarvos que o seguro de Responsabilidade Civil da Federación Galega de Montañismo (FGM) cambiará de compañía, porque MAPFRE non realizou oferta deste seguro á FGM. Tal como se mostrou na pasada asemblea o pasado 16 de decembro, pedíronse varias propostas a diferentes corredurías de seguros. Na asemblea mostráronse as tres opcións, sendo a mellor opción a da compañía Merkel, presentada pola ALKORA EBS, Correduría de Seguros y Reaseguros S.A.U., que presenta 2 opcións: unha para o seguro de RC da FGM e outra opcións para o seguro de RC dos clubs da FGM. Con esta circular achégase esta póliza.

Dende a FGM valoráronse diferentes pagos correspondentes a tramos de persoas federadas polos clubs, para poñer unha contía, e esta é a proposta que se realiza dende a FGM para os clubs federados.

Nº DE FEDERADOS/AS POR CLUB segundo o ano 2023	CONTÍA A PAGAR
>350	150,00 €
201-350	100,00 €
101-200	75,00 €
41-100	50,00 €
0-40	30,00 €

O seguro que tiñan os clubs durante o ano 2023, **remata o 31 de decembro de 2023.**

Polo que urxe saber que clubs están interesados en adscribirse a este seguro, canto antes. Tendo que haber un mínimo de clubs, para poder realizar a tramitación deste seguro. Polo que todos os clubs que desexen adscribirse a esta póliza de RC teñen:

Primeiro.- Solicitalo por escrito e achegar o pago da contía a pagar antes do 8-01-2023, segundo o **Modelo 1** de solicitude que se achega con esta circular. No concepto do pago deben indicar **SEGURO RC PARA CLUBS E O NOME DO CLUB.**

O pago debe realizarse na conta de ABANCA da FGM número: ES2020805104863040016923.

Unha vez rematado este prazo, os clubs rexistrados na FGM que non soliciten a inclusión ao seguro de RC e non realicen o pago correspondente, quedarán excluídos deste seguro.

Segundo.- Os clubs de nova creación no ano 2024 que non o soliciten neste prazo, poderán solicitalo a través do Modelo 1 antedito, que se achega con esta circular. **Terán un mes de prazo dende que se produza este rexistro na FGM para poder solicitar este seguro.**



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

Terceiro.- As solicitudes de extensión do seguro e o debo da transferencia bancaria deben enviarse a secretaria@fedgalmon.gal.

Cuarto.- Este seguro, terá un custe para os clubs no ano 2024, segundo a táboa antedita. No caso de que os clubs soliciten certificados á compañía aseguradora, deberán solicitalo eles á correduría de seguros e se ten algún custe, asumir o mesmo.

A póliza e o debo bancario do pago deste recibo, poderán descargalo da páxina web da FGM.

Vigo, 28 de decembro de 2023

A presidenta da FGM

Josefina Maestu Almeida



FEDERACIÓN GALEGA DE MONTAÑISMO

CIF: G36630259

Casa do Deporte. Rúa Fotógrafo Luis Ksado, n.º 17.

Oficina 10. 36209 Vigo. Teléfono 986 208 758

secretaria@fedgalmon.gal — www.fedgalmon.gal



DEPORTE
GALEGO

MODELO 1: Solicitud de Seguro de Responsabilidad Civil para clubs gestionado por la Federación Galega de Montañismo (FGM)

Don/Doña con DNI número

como presidente/a del Club

Con el CIF número

EXPONGO:

Doy el consentimiento previo de los datos de este club que exponemos a continuación, para la comunicación de estos datos y poder incluirlos en la presente póliza de Merkel, propuesta 258861, con las finalidades del tratamiento, comunicaciones y demás términos previstos en el mismo y en la Información Adicional de Protección de Datos.

CÓDIGO DEL CLUB:

DIRECCIÓN POSTAL COMPLETA:

CÓDIGO POSTAL:

POBLACIÓN: PROVINCIA:

CORREO ELECTRÓNICO:

Y ACEPTO: las cláusulas del seguro de RC Merkel, propuesta 258861, que se adjuntan con esta circular.

Por lo que SOLICITO:

Que el club que presido se adscriba al seguro de RC de la FGM para CLUBS, de la propuesta número 258861 presentada por Merkel a través de ALKORA EBS, Correduría de Seguros y Reaseguros S.A.U , para este club. Se adjunta el pago de €, realizado en la cuenta de ABANCA de la FGM NÚMERO: ES2020805104863040016923.

En , de de 2023

El/la presidente/a